

Resolución do 21 de agosto de 2026, para nomear e publicar a composición do tribunal que xulgará as probas selectivas para a provisión dunha praza de funcionario de carreira da escala técnica, vacante na relación de postos de traballo de persoal técnico de xestión e de administración e servizos, de Técnico de atención á diversidade, Subgrupo A2.

Mediante a Resolución do 27 de febreiro de 2026 (DOG do 10 de marzo de 2026), convocáronse as probas selectivas para a provisión dunha praza vacante de funcionario/a técnico/o, Técnico de Atención á Diversidade, subgrupo A2, mediante quenda libre.

Esta Xerencia, en uso das atribucións conferidas no artigo 136 dos Estatutos desta Universidade, aprobados polo Decreto 94/2025, do 6 de outubro (DOG do 27 de outubro), e da Resolución Reitoral do 10 de xullo de 2024 pola que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais da Universidade da Coruña e as competencias dos seus órganos directivos, e conforme ao establecido na base 5.1 da convocatoria,

RESOLVE:

Publicar a composición do tribunal, no anexo desta resolución, que xulgará as probas selectivas dunha praza vacante de funcionario/a técnico/o, Técnico de Atención á Diversidade, subgrupo A2, mediante quenda libre.

Este tribunal terá dereito a percibir as indemnizacións que lle corresponden á categoría primeira das recollidas no artigo 16 do regulamento para liquidar e para tramitar indemnizacións por razón de servizo, aprobado no Consello de Goberno do 27 de abril de 2023 e modificado por resolución reitoral o 19 de xullo de 2023.

A Coruña, asinado dixitalmente

A xerenta

PD Reitor (RR 10.07.2024)

Mª Jesús Grela Barreiro

ANEXO

TRIBUNAL TITULAR

Presidenta: M^a Jesús Caínzos López, funcionaria da Universidade da Coruña

Vogais:

M^a Isabel Pantojo Fuentes, funcionaria da Xunta de Galicia

M^a Montserrat Castro Rodríguez, funcionaria da Universidade da Coruña

Santiago Bort Couceiro, funcionario da Universidade da Coruña

Secretaria: M^a José Tajés Souto, funcionaria da Universidade da Coruña, que actuará con voz e con voto

TRIBUNAL SUPLENTE

Presidente: Manuel Romero Beade, funcionario da Universidade da Coruña

Vogais:

Francisco J. Montero Santos, funcionario da Universidade da Coruña

Maite Sío Docampo, funcionaria do Concello de Sada

Alejandra M^a Rodríguez Fernández, funcionaria da Universidade da Coruña

Secretaria: Belén Souto Alonso, funcionaria da Universidade da Coruña, que actuará con voz e con voto